

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 15 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de xuño de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste ao punto 1)
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 8, 9, 4a e 10)
D^a. Marta Riobó Ibáñez (asiste ao punto 4b)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 8a, 9a e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 7 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 7 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 11 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 11 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda e D^a. María Jesús Lago Rey.

c) Acta da sesión do 12 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 12 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda e D^a. María Jesús Lago Rey.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2018" no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:35	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA4A-CHDA21-A8C2A5-7DQE9X-3EGJEL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lémbrese aos membros da Mesa que por acordo de data 12 de xuño de 2018 se concedeu un prazo de tres días a FLUGE GALICIA, S.L. e á UTE CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA para que emendasen o Sobre B, por non estar debidamente asinado. Ambos os dous licitadores emendaron a documentación dentro do prazo concedido.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas e Animación Socio-Cultural o 13 de xuño de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas e Animación Socio-Cultural o 13 de xuño de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* e acorda a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se indican, por incorporar en dito sobre B documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B do Anexo I -FEC- dp PCAP, motivo de exclusión recollido na cláusula 14.4A:

1. GLOBAL SETUP, S.L.
2. U.T.E. CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

Ábrese sesión pública e, antes de proceder á apertura do Sobre C, entrégase ao público asistente copia do informe de valoración do Sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, aceptado pola Mesa no punto anterior.

A continuación, ábrese o Sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* do único licitador admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:35	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA4A-CHDA21-A8C2A5-7DQE9X-3EGJEL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	% desconto prezos unitarios (apartado 3.G)	Nº anos experiencia laboral responsable coordinación/xefe emerxencias	Nº anos experiencia laboral responsable backstage (state manager)/xefe de intervención	Nº anos experiencia laboral xefe de emerxencias e coordinador de auxiliares de organización e porteiros
1	FLUGE GALICIA, S.L.	4,35%	10	12	7

A empresa presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Juan Ares Fernández, con DNI 36087336Z, en representación de FLUGE GALICIA, S.L.

Tendo en conta o previsto na cláusula 16.3 do PCAP (“As fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”) e a puntuación outorgada ao licitador no Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, segundo o informe de data 13 de xuño de 2018, a puntuación total obtida por FLUGE GALICIA, S.L. é a seguinte:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
FLUGE GALICIA, S.L.	3	79	82

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público ábrese o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo
1	BDO AUDITORES, S.L.P.	72.479,00 €
2	NUEVAS VENTAJAS, S.L.	53.609,53 €
3	VALTECSA	57.462,90 €
4	IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	59.692,49 €
5	PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	78.680,25€



As empresas BDO AUDITORES, S.L.P. e VALTECSA non presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada

Asiste á apertura D. Jose Ángel Calvo Caneiro, con DNI 32665247-A en representación de IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que presenten o orzamento detallado esixido no PCAP:

1. BDO AUDITORES, S.L.P.
2. VALTECSA

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2018" no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de xuño de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo recollido na cláusula 14.4A do PCAP ("*A incorporación a este sobre [B] dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*"):

1. GLOBAL SETUP S.L.
2. U.T.E. CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2018" no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335) na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntuación total
FLUGE GALICIA, S.L.	82

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:35	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA4A-CHDA21-A8C2A5-7DQE9X-3EGJEL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:35	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA4A-CHDA21-A8C2A5-7DQE9X-3EGJEL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		